

VII Xornadas de Expresión Oral "Tíralle da lingua"

Lugar: Centro Socio-Cultural de Vite. Rúa Carlos Maside 7 (Santiago)

Datas: Día 18 de novembro.

Tíralle da lingua é un proxecto da AS-PG, dirixido ao alumnado e profesorado de todo o país, co obxectivo de normalizar o uso oral da nosa lingua, converter o idioma en instrumento de comunicación normal, de creación e recreación de historias...de lingua de uso do noso sistema educativo, en definitiva, de devolverlle ao galego o espazo que lle corresponde.

De 9-9,30 h.

Presentación e entrega de material

De 9,30-11,30 h.

DÍAS PARA CANTAR E CONTAR

Os deuses inventaron aos homes para ollos contar contos (Proverbio africano)

Cantar e contar é o destino dos humanos. Falar para pensar, ler para memorizar, escribir para reflexionar. Cantar e contar para pensar mellor. Mais, aí, nacemos sen palabras, infantés (mudos), e a nosa única tarefa é entrar no reino das palabras, que labran para que se abra o non sei que... Serán os nosos maiores os que nos axudarán e levarán ao reino da memoria, facéndonos pasar polas súas sete portas para converternos en nenos e nenas. A nenez, ese estadio onde un paxaro canta nos nosos labios, e unha xitanxáfora palpita no noso corazón: ton e son do canto. Máis tarde, na adolescencia, o paxaro cala, e a xitanxáfora florece en silencio, e faise o froito na escrita, soidade sonora.

*Relator: **Federico Martín Nebras**, especialista en literatura infantil e xuvenil, contador de historias.*

De 12-13,30 h.

"OS CONTOS SON LAZOS DE MUNDO"

A construción e a narración de contos son ferramentas útiles na transmisión de coñecementos, experiencias, patrimonio... pero resultan ademais unha chave particularmente enriquecedora na vivencia intercultural, na observación común dos piares básicos de paz, igualdade e respecto e na cooperación interdisciplinar.

1. Do mito á narración oral.
2. O conto: referente universal.

3. O conto intercultural.
4. Narración oral e transmisión de valores.
5. Confluencia de elementos interdisciplinares na creación do conto.
6. Experiencias: o conto como comunicación máxica.
7. Un conto recibido.
8. Creación colectiva dun conto.

*Relatora: **Iolanda R. Aldrei**, escritora, profesora de lingua e literatura e narradora.*

De 13,30-14,30 h.

EU FIXEN "OUIGHA" CO ESPÍRITO DE CASTELAO.

Un novo discurso para a superación dos prexuízos lingüísticos da mocidade. Narración e humor como recursos creativos para a normalización lingüística.

*Relator: **Sechu Sende**, profesor de lingua e literatura, escritor.*

De 16,30-17,30 h.

A BISNETA LERCHA

Presentación do libro *A bisneta lercha* do escritor Paco Martín, a cargo do Colectivo Cultural Círculos Líticos.

De 17,30-19 h.

CANTO Á ORALIDADE

Do diálogo vivo (teatro), como un medio para espertar, fascinar, encantar... tranquilizar, transmitir confianza, espantar o medo...

Coa participación dos asistentes crearemos personaxes, imaxinaremos escenas e inventaremos diálogos. Coñeceremos tamén o método do pedagogo alemán Heinz Klippert

*Relatora: **Heidi Kühn**, escritora, filóloga e tradutora.*

Ás 19,30 h.

SEMPRE AO LONXE, ou a decadencia étnica

Mofa e Befá pon en escena o seu último espectáculo tinxido pola vontade sempre didáctica e de servizo público que anima a estes artistas. Presentado por un inquietante padre misionero, ten no comezo un aspecto de velada cultural con intención benéfica, ou como se di agora, solidaria. Non faltarán momentos de auténtica emoción, alta cultura e teatro clásico. Todo isto, iso si, en doses homeopáticas, non vaia ser que se engane alguén do público.

Ás 21 h.

Presentación do concurso de relato oral Tíralle da Lingua e clausura das Xornadas.

MATRÍCULA: Gratuíta

INSCRICIÓN: A reserva de praza farase chamando aos teléfonos da AS-PG (981 278 259/982 242 682). Correo electrónico: informacion@as-pg.com, lugo@as-pg.com, santiago@as-pg.com, pontevedra@as-pg.com.

Está solicitada a homologación á Consellaría de Educación por 10 horas lectivas.